



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES

Alonso Prieto, Elena
Araújo Fernández, María
Báez Montero, Inmaculada
Blas Varela, M^a Esther de
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Bouza Rodríguez, José Benito
Carro Parafita, Pedro Manuel
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Cid Fernández, Xosé Manuel
Collazo Fernández, Antonio
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Cruz González, M^a Montserrat
Currás Valle, María Consuelo
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Diz Folgar, Manuel
Dominguez Araújo, Lara
Dominguez Dominguez, Rubén
Dopico Castro, Marcos
Eguía Oller, Pablo
Fariña Rodríguez, José
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Prieto, Marta
Fernández Riverola, Florentino
Fernández Souto, Ana Belén
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Ferreiro Vázquez, Oscar
Fraiz Brea, José Antonio
Franco Matilla, M^a Inmaculada
Gándara Pérez, José Antonio
García García, Óscar
Godoy Malvar, Eduardo
Gómez Rodríguez, Alma M^a
González Barreiro, Alicia
Iglesias Blanco, Raúl
Iglesias Briones, María Jesús
Lameiro Diéguez, M^a de los Remedios
Lantaron Caeiro, Eva María
Llamas Nistal, Martín
López Lago, Marcos
López Mira, Álvaro Xosé
López Periago, José Eugenio
López Rubianes, Lucrecia M^a
López Sánchez, Óscar
Lorenzo Rodríguez, M^a Edita de
Macías Cambra, Henrique
Marcel Miramontes, Purificación
Martín Moreno, José M.
Mascuñan Tolon, Patricia Silvia
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mojón Ojea, Artemio
Montero Reguera, José Francisco
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Pajares Domínguez, Sergio
Pardo Froján, Juan E.
Patiño Vilas, David
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Pérez Álvarez, María José
Pérez Juste, Ignacio
Pérez Rodríguez, M. Rosa
Porteiro Fresco, Jacobo
Prada Rodríguez, Julio
Ramos Cabrer, Manuel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón
Rivo López, Elena
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rubio Armesto, M^a Belén
Siota Álvarez, Mónica
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel M.
Teira González, Eva
Vaquero García, Alberto
Vázquez Alonso, Aroa
Vázquez Otero, M^a Elsa

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día **06 de abril de dous mil vinte e dous**, convocada para ás 09.30 h en primeira convocatoria e ás 10.00 h en segunda, de xeito presencial no Paraninfo da Universidade, na 2^a planta do Edificio Ernestina Otero (Campus Vigo), así como de xeito virtual a través do Campus Remoto – Sala 29 (Claustro Universitario).

Acadado o quórum necesario ás 10:00 h, dá comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Debate en torno ao proxecto de Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo.
2. Debate e, se procede, toma de decisións sobre a moderación nas listaxes de correo electrónico da Universidade de Vigo.

Segundo o sorteo da letra para as intervencións, levado a cabo pola Mesa, comezase pola letra “R”. De alongarse en exceso a sesión, acórdase que se suspenda sobre as 15:00 h, se fose a prolongarse máis aló.

1. Debate en torno ao proxecto de Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantado e Extensión Universitaria, que expón o seguinte:

No Claustro do 13 do abril de 2021 aprobouse a composición da Comisión Redactora do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado:

- Vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.
- Secretario xeral.
- Valedora Universitaria.
- Xefa de Servizo de Xestión de Estudos de Grao.
- Xefe de Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.
- 5 PDI (ámbito e campus).
- 5 PAS (ámbito e campus)
- 5 Estudantes: (ámbito e campus)



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Vila Alonso, M. de las Mercedes
Villanueva Torres, Daniel
Virgós Soto, Alejandro

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Area Carracedo, Iván Carlos
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
Caamaño Martínez, José Carlos
Comesaña Benavides, José Antonio
Comesaña Piñeiro, Rafael
Cuiñas Gómez, Iñigo
Dafonte Gómez, Alberto
Ferro Soto, Carlos Antonio
Gallardo Medina, Mercedes
González Álvarez, Dolores
González Santamaría, Pedro
Morán Martínez, M^a Paloma
Pérez Cota, Manuel
Rodríguez de la Fuente, Marta
Sotelo Dios, Patricia
Torres Outón, Sara M^a
Torres Romay, Emma

No Claustro do 28 de xuño de 2021 elixíronse os membros da Comisión Redactora do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado:

- Natalia Caparrini Marín
- Miguel Ángel Michinel Álvarez
- Esther Pillado González
- María Cristina Rodríguez Cendón
- José Luis Gómez Reboiro
- M^a. Montserrat Cruz González
- Juan Pardo Froján
- Ángeles Peña Gallego

- Eva María Lantarón Caeiro
- José Francisco Montero Reguera
- Antonio Manuel Ramos Vázquez
- Juan Jesús Rico Fuentes
- ~~Luis González Varela~~
- Miguel Fernández Simoes

Plan de Traballo:

- Reunións: 12 reunións do 28 de setembro de 2021 ao 15 de marzo de 2022.
- Invitacións: Margarita Pino-Juste y Joaquín Collazo y Raquel Gandón.
- Informe de Asesoría Xurídica: favorable 25 de marzo de 2022.
- Revisión pola Área de Normalización Lingüística.
- Aprobación do borrador pola Comisión: 29 de marzo de 2022.
- Presentación en Claustro: 06 de abril de 2022.
- Período de alegacións e emendas: 30 días hábiles (25 de maio de 2022).
- Aprobación do Regulamento: Claustro.

Índice:

- PREÁMBULO
- TÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS
- TÍTULO II. DAS GUÍAS DOCENTES
- TÍTULO III. DO PROCESO DE APRENDIZAXE
- TÍTULO IV. DA AVALIACIÓN DO ESTUDANTADO
- TÍTULO V. DA CUALIFICACIÓN DO ESTUDANTADO
- TÍTULO VI. DA RECLAMACIÓN DO PROCESO DE AVALIACIÓN E DAS CUALIFICACIÓN DO ESTUDANTADO
- TÍTULO VII. DO USO DE MEDIOS ILÍCITOS
- TÍTULO VIII. DOS TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN
- TÍTULO IX. DO PROCESO DE MELLORA DA CALIDADE DA APRENDIZAXE
- DISPOSICIÓN

PREÁMBULO

TÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

- Artigo 1. Obxecto
- Artigo 2. Ámbito de aplicación
- Artigo 3. Definicións

TÍTULO II. DAS GUÍAS DOCENTES

- Artigo 4. Do obxecto das guías docentes
- Artigo 5. Do contido das guías docentes
- Artigo 6. Da elaboración das guías docentes
- Artigo 7. Da aprobación das guías docentes
- Artigo 8. Da publicación das guías docentes
- Artigo 9. Da modificación das guías docentes
- Artigo 10. Do incumprimento das guías docentes

TÍTULO III. DO PROCESO DE APRENDIZAXE

- Artigo 11. Das ensinanzas teóricas e prácticas
- Artigo 12. Dos recursos persoais e materiais asignados á docencia e á avaliación
- Artigo 13. Da asistencia ás aulas
- Artigo 14. Da asistencia ás prácticas
- Artigo 15. Das faltas xustificadas de asistencia
- Artigo 16. Da titorización
- Artigo 17. Do estudantado con necesidades específicas de apoio

TÍTULO IV. DA AVALIACIÓN DO ESTUDANTADO

- Artigo 18. Do obxecto da avaliación
- Artigo 19. Das metodoloxías ou sistemas de avaliación
- Artigo 20. Das probas de avaliación continua
- Artigo 21. Das probas de avaliación global
- Artigo 22. Das probas de avaliación oral
- Artigo 23. Das oportunidades de avaliación
- Artigo 24. Do adiamento de convocatoria
- Artigo 25. Do calendario de probas finais
- Artigo 26. Da ausencia xustificada a unha proba de avaliación
- Artigo 27. Da ausencia do profesorado a unha proba de avaliación
- Artigo 28. Da realización das probas de avaliación
- Artigo 29. Da vixilancia das probas de avaliación
- Artigo 30. Da custodia das probas de avaliación

TÍTULO V: DA CUALIFICACIÓN DO ESTUDANTADO

- Artigo 31. Do sistema de cualificación
- Artigo 32. Da condición de non presentado
- Artigo 33. Da mención de matrícula de honra
- Artigo 34. Da comunicación das cualificacións
- Artigo 35. Da revisión das cualificacións
- Artigo 36. Da acreditación da revisión das probas de avaliación

TÍTULO VI. DA RECLAMACIÓN DO PROCESO DE AVALIACIÓN E DAS CUALIFICACIÓNS

- Artigo 37. Da avaliación e cualificación ante tribunal
- Artigo 38. Da impugnación do proceso de avaliación e cualificación

TÍTULO VII. DO USO DE MEDIOS ILÍCITOS

- Artigo 39. Do código ético
- Artigo 40. Da orixinalidade dos traballos

- Artigo 41. Da realización fraudulenta de las probas de avaliación
- Artigo 42. Da cualificación en caso de uso de medios fraudulentos
- Artigo 43. Da impugnación pola utilización de medios fraudulentos

TÍTULO VIII. DOS TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN

- Artigo 44. Dos requisitos
- Artigo 45. Do procedemento
- Artigo 46. Da composición
- Artigo 47. Do funcionamento

TÍTULO IX. DO PROCESO DE MELLORA DA CALIDADE DA APRENDIZAXE

- Artigo 48. Da procura de calidade baseándose en resultados
- Artigo 49. Do informe anual dos resultados
- Artigo 50. Das desviacións significativas dos resultados
- Artigo 51. Das enquisas de satisfacción no proceso de mellora da calidade
- Artigo 52. Da participación activa nos procesos de mellora da calidade

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

DISPOSICIÓN FINAL

Iván Area Carracedo enviou o seguinte escrito:

“Desde a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo formulan unhas cuestións que prego sexan tidas en conta no debate.

Temos dúbidas sobre o sentido ou aplicabilidade práctica do artigo 19.3: O estudiantado terá dereito a elixir o tipo de metodoloxía coa que será avaliado dentro de cada materia. A avaliación será preferentemente continua, sen prexuízo da obriga de poñer probas de avaliación global, como alternativa e sempre dentro da mesma oportunidade de avaliación, a disposición do estudiantado que renuncie á avaliación continua ou que non a superase.

EN concreto: que sentido ten que o alumnado renuncie á avaliación continua e elixa a avaliación global se, se non supera a continua, tamén ten dereito á global? Non se comprende como o alumnado renunciaría a algo que non implica ningunha vantaxe, xa que estarían quitando oportunidades a cambio de nada.

Se o alumnado ten dereito a unha avaliación global no mesmo horario, no caso de non superar a avaliación continua, que lle pasa ao alumnado que non supera a avaliación continua por non superar o exame final, na data oficial? Segundo a redacción do artigo, tes dereito a un exame de avaliación global, exame que xa tivo lugar, na mesma data e lugar, que o exame que acaba de suspender.

Non semella que a redacción teña en conta a necesidade de que en determinadas materias o alumnado supere unha parte práctica (tanxible en moitos casos) para poder superar a materia, que consuetudinariamente forma parte da avaliación continua”.

O reitor indica o íter que seguirá este documento ata a súa aprobación no primeiro Claustro ordinario que se poida celebrar tras a eleccións, de ser posible, tras escoitar as achegas da comunidade universitaria. Agradece o traballo da comisión.

Intervén Rosa Pérez para sinalar que o regulamento é un bo punto de partida e agradece o debate, malia que non comprende o sentido do debate antes de ter as alegacións. Indica certas cuestións concretas, no sentido do indicado por Iván Area Carracedo, respecto da superación da avaliación continua. Sinala

outros aspectos relativos a certas confusións ás que pode dar lugar a redacción do regulamento, como, por exemplo, o número de probas das que pode constar a avaliación global. Preocúpanlle certos prazos, como o previsto cara a comunicación das cualificacións ao alumnado, e entende que ás veces a realidade choca coa normativa. Asemade sinala o asunto relativo aos métodos ilegais, como no artigo 42.2º, respecto ao carácter irrefutable da copia en certos casos. Conclúe indicando que se presentarán alegacións e que se debaterá no próximo Claustro. O reitor sinala que se tiña o compromiso de traer este regulamento o antes posible e que se quería pulsar a opinión deste Claustro para decidir se se pode seguir traballando ou non, malia que el opina que se pode seguir a traballar. Entende que certas cuestións que se sinalen aquí poden ir directamente ao estudo da propia comisión.

No chat, Sergio Pajares sinala: “Los estudiantes, como los delincuentes, no sólo tienen derecho a vulnerar las normas sino la obligación de hacerlo”. Rosa Pérez e Antonio Collazo manifiestan o seu desacordo.

Mónica Siota sinala no chat: “Pedín a palabra, pero teño clases e debo abandonar temporalmente o Claustro. Farei alegacións ao documento. En todo caso, precisaría unha maior explicación do art. 19.3º”.

Pedro Carro quéixase da presenza do estudantado e que hai algunhas modificacións que se queren propoñer. Tamén sinala que as persoas representantes no Claustro non poderán actuar correctamente no momento previsto para as alegacións dadas as circunstancias, e que se debería deixar ata o inicio do curso seguinte. Continúa sinalando diversos aspectos nos que está en desacordo, como a compensación respecto da avaliación continua e o seu eventual aviso; quéixase da porcentaxe do 50% previsto e da posibilidade de que os centros a poidan reverter; os 15 días de corrección parécenlle que son axeitados, aínda que se pode incluír algunha corrección, malia que entende que é importante poñer un límite. Sobre o asunto da copia, entende que a proba irrefutable debe ser clara. Quéixase de que se permitan exames sorpresa. Comenta aspectos relativos á presencialidade e a constancia de “non presentado”. Outro punto menor é o solapamento de datas de exame. O reitor indica que, dado que as datas de alegacións son de mínimos, se pode comezar agora sen prexuízo de que se poida estender ata setembro/outubro. O Claustro está de acordo.

Sergio Pajares sinala no chat: “Bill Gates le robó las ideas a su compañero de universidad y se convirtió en el hombre más rico del mundo” e que “Shakespeare se dedicó a plagiar toda su vida”.

Antonio Collazo sinala dúas matizacións respecto ao 37.2º (sobre a remisión ao departamento do expediente de reclamación e propoñe unha redacción substitutiva: “de ser o caso, nomee un tribunal...”). Tamén, sobre o artigo 46 sinala que pode ser moi restritivo que o profesorado da materia non poida participar, no caso de profesorado de materias co mesmo nome; prefere que se substitúa por “o profesorado que interveu no proceso de avaliación”.

Rosa Pérez matiza a súa postura sobre a renuncia a avaliación continua, en canto ao prazo concedido ao alumnado, e entende que o problema é que se di a quen ten dereito á avaliación global se suspende a continua. Non ten problema, en cambio, en que un estudante cambie de opinión e deixe a avaliación continua para ir á global.

O reitor da por bo o debate, coa idea de alongar o período de alegacións, como se dixo.

2. Debate e, se procede, toma de decisións sobre a moderación nas listaxes de correo electrónico da Universidade de Vigo.

O reitor indica que el mesmo acadou este compromiso. Se debe a que, ás veces, as listas de correo se incendian, pero as decisións hai que tomalas con calma. Se trata de debater sobre o posible sistema para articular a moderación das listas de correo, malia que lembra que as nosas listas xa están moderadas, aínda que non filtradas, dado que se agarda un respecto mutuo da comunidade universitaria. Se xurde do debate unha proposta maioritaria poderase crear un grupo de traballo para articulala. Desde un punto de vista

persoal, entende que se debe garantir a liberdade de expresión, malia que non se debe consentir mensaxes ofensivas.

Indica as solucións entre as distintas universidades e os pros (p.e., queda claro que mensaxes se permiten) e contras da moderación e filtración de listas (p.e., perda de inmediatez). Se se quere que os foros sexan moderados, hai que traballar certos aspectos. Indica o que sinala o manual do usuario de listas de correo:

“Cada unha das listas de distribución de correo foi creada cun propósito determinado.

Non se debe enviar a unha lista mensaxes que non respondan ao propósito da mesma. En caso de que isto ocorra reiteradamente, o administrador da lista poderá tomar medidas pertinentes, tal como a eliminación do remitente nesa lista de correo.

Non é admisible o envío de mensaxes ofensivas.

O tamaño máximo das mensaxes para enviar ás listas, agás que se indique o contrario expresamente, é de 50Kb. Este tamaño non deberá ser excedido nos envíos ás listas.

Recoméndase que, de responder a un correo enviado a unha lista de correo, non se faga ao enderezo da lista salvo que se considere que a resposta é de interese para tódolos usuarios da lista. Os correos enviados a listas orixinan gran cantidade de mensaxes (poden ser miles), polo que só ten sentido o seu envío cando poidan ser de utilidade para os destinatarios”.

Por outra banda, o manual do administrador de listas de correo da Universidade de Vigo indica o seguinte:

“O uso das listas de correo está suxeito a unhas condicións básicas de uso. De non cumprilas a listas pode ser retirada de uso temporal ou definitivamente.

Subscripción

Non se configurarán listas con subscripción aberta sen moderación ou confirmación por parte do propio usuario, para evitar o uso das listas como mecanismo de xeración de SPAM

Non se empregarán listas de membros recompiladas sen o consentimento de estes, menos aínda compradas a revendedores de direccións de correo

Non se subscribirán direccións de listas de correo como membros das listas para evitar o uso das mesmas como mecanismo de xeración de SPAM”.

Asemade, o reitor indica que xurisprudencia reiterada, tanto o Tribunal Supremo como o Tribunal Constitucional, coinciden en afirmar que a liberdade de expresión inclúe a crítica, incluso aquela que pode chegar a ser molesta, pero, en ningún caso, o insulto, nin as inxurias con fin de desprezo. Terán consideración de inxuriosas as opinións ofensivas que resulten innecesarias para a finalidade da mensaxe que se pretende comunicar.

A sentenza do Tribunal Supremo de 25 de febreiro de 2009, determina que a liberdade de expresión no é só unha manifestación de pensamentos e ideas, senón que pode incluír a crítica da conducta dos demais, incluso cando pode molestar a aquel contra quen se dirixe. Pero esta crítica non pode dar lugar a frases ou expresións ultraxantes ou ofensivas que non teñan relación coas ideas e opinións que se expoñen e, por tanto, sexan innecesarias. En definitiva, o dereito á honra actúa como límite á liberdade de expresión, e atentar contra el pode supoñer, incluso, ter que responder penalmente.

María José Ríos Santomé comenta no chat: “Suponse que cada quen é responsable do que escribe e publica en calquera das listas. Non estou de acordo coa censura”. Sergio Pajares comenta no chat: “¿Quién decide si algo es ofensivo o no es ofensivo? ¿un moderador? es de risa”.

Susana Reboreda comenta que hai moitas listas de correo e que se debería decidir cales son e para que serven, eliminando reiteracións. Entende a moderación dentro da definición de cada unha das listas, agás na lista de comunidade, que é mais xeral. Pensa que moderar a lista de comunidade non é o mellor, dado que sempre hai a opción de darse de baixa. O reitor entende que a proposta de Susana Reboreda sería facer un traballo mais técnica de depuración do obxecto das listas.

O reitor conclúe agradecendo a labor do Claustro nesta lexislatura e ter acadado sempre o quórum.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:10 h do día 06 de abril de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral